


## Banda deseñada

**El arte de volar, A. Altarriba e Kim.** Da súa man percorremos as penurias da España de principios de século, a guerra civil, o exilio, os campos de concentración, a resistencia contra os alemáns, o mercado negro, a chegada da democracia... Xuntos constrúen unha historia vibrante na que padecementos e atrocidades non impiden que o amor e o humor ocupen un lugar importante.




## Guía de lecturas Nadal 2013

“ A educación é a arma máis poderosa para cambiar o mundo”. Nelson Mandela



**Máis alá ! (Castelao), Inacio/ Iván Suárez.** Os autores pretenden contarnos varias cousas á vez, tal e como ocorría nos dous títulos anteriores, **O pobre tolo** e **Titoán**. Aínda que a acción arranca en Monforte no ano 1922 o interese principal deste Máis alá! está en mostrarnos a estada de Castelao en París durante o ano 1921.

**Axtérix e os Pictos, R. Goscinny e A. Uderzo.** Chega o novo álbum da colección clásica de Astérix cos personaxes de sempre e moitos novos: varios clans enteiros, de feito! Desta volta, Astérix e Obélix viaxan a Caledonia, a Escocia romana.




## Poesía



**Habitante único, Manuel Álvarez Torneiro.** Premio Nacional de poesía 2012. “Fago versos sinxelamente humanos (non escribimos para os paquidermos). Non penso no politicamente correcto, nin sequera no poeticamente correcto, xa que a perfección sempre ten algo de falso”.

**Cine: Un cuento de navidad.** Drama sobre unha familia que ha de loitar contra unha rara enfermidade xenética que xa lles arrebatou a un fillo. E perderán a outro membro da familia, si non atopan un donante compatible de medula ósea.



**Mis cuentos africanos, Nelson Mandela** recolle nesta maxistral antoloxía os contos máis fermosos e antigos de África que ,en moitos casos, son tamén universais polo retrato que fan da humanidade, dos animais e dos seres fantásticos.



## BO NADAL E VENTUROSO ANO NOVO


Non marches de vacacións sen pasar pola Esperela, échete de agasallos lectores. **Podes levar ata tres documentos.**

### In Memoriam

**Cine: Invictus.** En 1990, tras ser posto en liberdade, Nelson Mandela (Morgan Freeman) chega á Presidencia do seu país e decreta a abolición do "Apartheid". O seu obxectivo era levar a cabo unha política de reconciliación entre a maioría negra e a minoría branca. En 1995, a celebración en Sudáfrica da Copa Mundial de Rugby foi o instrumento utilizado polo líder para construír a unidade nacional.

[www.biblioaesperela.blogspot.com](http://www.biblioaesperela.blogspot.com)  
[aesperela@gmail.com](mailto:aesperela@gmail.com)  
[IES O Mosteirón \(Sada\)](http://IES O Mosteirón (Sada))

## LE CON CIENCIA




**Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches. P. Nessmann, N. Choux.** Os inventos que contribuíron a mellorar a nosa calidade de vida, os nomes cos que denominamos os países, os motivos polos que se lembran certas datas importantes... Un libro para descubrir o que, como, cando, onde e porqué do que nos rodea.

**Tamén: Máis respostas ás preguntas que nunca te fixeches. P. Nessmann, N. Choux**



**Matemáticas: 100 descubrimientos que cambiaron el curso de la historia. R. Elwes.** A historia das matemáticas narrada a través de 100 dos seus descubrimentos máis revolucionarios.

**Universo: 100 descubrimientos que cambiaron el curso de la historia. G. Sparrow.**



**Filoenigmas, los 150 mejores problemas de ingenio de todas las épocas. J. Pastor.** Estes 150 divertidos e sorprendentes enigmas axudarache a manter en forma o teu propio enxeño, ou o que é o mesmo a túa astucia, espontaneidade, humor e agudeza mental.

**Edison, Cómo inventar de todo y más...L. Novelli.** Edison foi definido como "o home que inventou o futuro". El foi quen empezou a distribuír a enerxía eléctrica, o inventor da bombilla e do fonógrafo, e o que fixo posible que o teléfono e a radio chegasen a case todo o mundo. Gañou millóns de dólares que investiu na investigación coa idea de que a ciencia servía para mellorar a vida da xente.




*Na mesma colección:*

- **Arquímedes y sus máquinas de guerra. L. Novelli**
- **Marie Curie y el misterio de los átomos. L. Novelli**
- **Lavoisier y el misterio del quinto elemento. L. Novelli**



**Guías da natureza: Montes e fontes. Varios títulos e autores.** Para coñecer a natureza e gozar de paseos maravillosos.

**Del átomo al infinito, J. E. M. Gribbin.** Esta obra anima a emprender unha viaxe fascinante desde o máis pequeno ao máis grande, pasando polos máis importantes descubrimentos e as máis xeniais ideas da historia da humanidade.





## NARRATIVA



**A evolución de Calpurnia Tate, J. Kelly.** Observar o mundo con curiosidade non era ou que se agardaba dunha señorita de boas maneiras. Mais a Calpurnia interésalle as teorías científicas de Darwin máis que conformarse coas limitacións dun destino predeterminado. Non verán de 1899, a protagonista desta historia aprenderá a ser naturalista.

**Loba, V. Murguía.** O rei Lobo goberna con man de ferro en Moriana. Angustiado por unha maldición segundo a cal xamais poderá ter un fillo varón, Lobo desatende ás súas dúas fillas, en especial a Soidade. Cando a noticia dunha ameaza terrible -un dragón- chega á corte, Soidade acepta a responsabilidade de partir aos confíns do reino para ver canto hai de verdade nos rumores. Esa procura levaraa a coñecer a amizade, o amor, a maxia e a esencia de si mesma.



**Ámote Leo A. Destino Xalundres. Rosa Aneiros.** Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa. Por fin, unha mañá de xaneiro fai oídos xordos ás advertencias familiares e toma un avión con destino ao sur.

**Todos somos, M. Calveiro.** As cousas andaran nas mans do demo dende que a nova da desaparición de Natalia, compañeira de clase de Antón, correra como a pólvora por toda a praza da Bichoca.

